

Guías e libros do mestre en España (1850-1936)

Narciso de Gabriel

José Luis Iglesias Salvado

Universidade da Coruña

RESUMO: Os libros dirixidos aos mestres co propósito de orientalos no exercicio da súa actividade docente poden dividirse en dúas grandes categorías: autónomos e subordinados. Os segundos remiten a un determinado libro de texto dos alumnos, mentres que os primeiros non teñen esta dependencia. Neste artigo caracterízanse ambos tipos de libros e ofrécese algunhas mostras da produción editorial durante o período comprendido entre mediados do século XIX e 1936.

ABSTRACT: The books designed for teachers for the purpose of orienting them in their teaching activity may be divided into two general categories: autonomous and subordinate. The latter refers to a specific student textbook, while the former does not rely on this type of text. This article offers a characterization of the two types of books and provides several samples of the editorial output from the mid-XIX century to 1936.

Introducción

Os libros escolares teñen un indubidable interese para a investigación histórico-educativa, cando menos desde dúas perspectivas: como fontes para a reconstrución do pasado escolar, ao situárense no miolo mesmo do proceso curricular, e en si mesmos, na súa propia materialidade, como un dos materiais curriculares que reclama o seu estudo específico.

Malia o anterior, ténselles prestado escasa atención ata datas ben recentes. A situación está a mudar nos últimos anos, como evidencian as diversas exposicións realizadas sobre esta temática¹, as obras de carácter divulgativo, algunhas das cales

¹ *Recuerdos de un olvido. Los libros en que aprendimos*, Valladolid, Junta de Castilla y León, 1997.

acadaron un importante éxito comercial² e as investigacións sobre a súa evolución histórica³.

O desinterese resulta aínda máis evidente no tocante a unha modalidade específica de libros escolares: os dirixidos aos mestres, verbo dos que practicamente carecemos de estudos, o mesmo en España que noutros países⁴. Nun traballo de próxima aparición abordaremos a súa evolución durante o franquismo e a democracia⁵. Aquí tentaremos debuxar as súas principais características desde mediados do século XIX ata 1936.

Para empezar, semella necesario definir que entendemos por “libros do mestre”. En función do seu destinatario, cabe caracterizalos como aqueles que se dirixen ao maxistero co propósito de orientalo no exercicio da súa actividade docente. Este destinatario adoita reflectirse explícitamente no seu propio título. En función do contido, podemos diferenciar dúas grandes categorías, subordinados ou autónomos, segundo remitan ou non a un determinado libro do alumno.

Examinaremos, en primeiro lugar os libros autónomos, clasificándoos en tres apartados: morais, administrativos e metodolóxicos. De seguido ocuparémonos dos subordinados, que se centraron sobre todo en dúas materias, matemáticas e lingua.

1. Guías

Os libros autónomos adoitaban denominarse nun primeiro momento “guías”, nomeadamente os que tiñan unha orientación moral e administrativa, e tamén, aínda que en menor medida, os metodolóxicos.

² Andrés Sopena Monsalve, *El Florido Pensil. Memoria de la escuela nacionalcatólica*, Barcelona, Crítica, 1994; Luis Otero, *Al paso alegre de la paz*, Barcelona, Plaza y Janés, 1996.

³ Entre as últimas investigacións cabe citar as realizadas por Agustín Escolano (“El libro escolar en la Restauración” e “El libro escolar en la segunda mitad del siglo XX”, en Hipólito Escolar (dir.), *Historia ilustrada del libro español. La edición moderna*, Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 1996, páxs. 345-69 e 370-97) e as dirixidas por este mesmo autor: *Historia ilustrada del libro escolar en España. Del Antiguo Régimen a la Segunda República*, Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 1997. Véxase tamén o monográfico de *Histoire de l'Éducation*, nº 58, 1993, as actas do “IX Coloquio de Historia de la Educación”: *El curriculum: historia de una mediación cultural*, Granada, Universidad de Granada, 1996, vol. 2, páxs. 231-395, e a investigación de Carmen Benso Calvo, *Controlar y distinguir. La enseñanza de la urbanidad en las escuelas del siglo XIX*, Vigo, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 1997.

⁴ Egil Borre Johnsen, *Libros de texto en el calidoscopio*, Barcelona, Pomares Corredor, 1996, páx. 270.

⁵ “Libros del maestro”, en Agustín Escolano (dir.), *Historia ilustrada del libro escolar en España. La edición escolar moderna (Franquismo y Restauración Democrática)*, en prensa.

Morais

A mediados do século XIX prodúcense importantes avances na constitución dunha rede escolar pública. A escola primaria, sostida polos concellos, pasará a formar parte da paisaxe urbana e rural española, e o mesmo sucederá co encargado de dirixila, o mestre ou mestra.

A formación que se lle fornecía ao maxisterio era reducida, e nun primeiro momento mesmo se consideraba que non debía rebasar certos límites, pois do contrario corríase o risco de que tentase eludir a “honrada medianía”⁶ na que estaba destinado a vivir. Dos mestres e mestras reclamábase sobre todo un comportamento exemplar. Debían ser modelos de conducta para os nenos e nenas que se lles confiasen, e tamén para o conxunto da poboación. Co propósito de orientalos nesta dirección aparecerán diversas “guías”.

Mariano Carderera é autor dunha *Guía del maestro de primera enseñanza o estudios morales acerca de sus disposiciones y conducta*, publicada inicialmente en 1852. En 1860 aparece a terceira edición, acompañada de “un apéndice sobre a educación da muller”. Este engadido obedece, segundo confesa o autor, a que a obra fora adoptada por varias Escolas Normais de mestras, entre elas a de Madrid: “Tratándose de una nueva edición no podíamos prescindir de este hecho, y agradecidos a tan singular benevolencia, hemos procurado que nuestra obra fuese más útil a las maestras y a las aspirantes al magisterio, aumentándola con algunas observaciones sobre la educación de la mujer.”⁷

Á marxe do apéndice, o libro, que ten un contido eminentemente moralizador, como reflicte o seu título, trata sobre as cualidades que cómpren ao profesorado de ensino primario, os modos de educar e instruír e o tipo de relacións que debe establecer coas autoridades e cos pais. Unhas relacións complexas e nas que xurdían a cotío conflitos, debido á escasa autonomía profesional de que dispuñan mestres e mestras, que estaban sometidos a presións diversas e por veces contradictorias: Inspección, Concello -do que dependían, nun primeiro momento, mesmo para dispoñer de vacacións-, Igrexa e responsables dos nenos e nenas. Nestas circunstancias, que empeza-

⁶ Paulí Dávila Balsera, *La honrada medianía. Génesis y formación del magisterio español*, Barcelona, PPU, 1994.

⁷ Mariano Carderera, *Guía del maestro de primera enseñanza o estudios morales acerca de sus disposiciones y conducta, con un apéndice sobre la educación de la mujer*, Madrid, Librería de D. Gregorio Hernando, 1884 (4ª ed.), páx. 6.

rán a mudar parcialmente cando os mestres acaden a condición de “nacionais”, víanse obrigados a calibrar coidadosamente o seu comportamento e as consecuencias que del se puideran derivar. Carderera tenta orientalos nesta difícil tarefa.

O apartado dedicado á metodoloxía educativa podía ser especialmente útil para quen non tivera cursado estudos profesionais -os chamados “incompletos”-, e servir de recordatorio aos que asistiran durante dous ou tres anos a unha Escola Normal, acadando así o título de mestre elemental ou superior. Aquí interésanos subliñar as directrices que se formulan verbo dos libros de texto e a biblioteca do mestre.

Os únicos libros imprescindibles nunha escola eran, segundo Carderera, o catecismo da doutrina cristiá e os de lectura:

El catecismo debe aprenderse al pie de la letra, sin hacer alteración alguna en el texto. Las explicaciones tienen por objeto hacer comprender el significado de las palabras y el sentido de las frases y períodos difíciles. Traspasar estos límites sería entrar en un camino escabroso y resbaladizo, exponiéndose a continuos y trascendentales extravíos. Para la enseñanza de la lectura no hay otro medio que hacer leer a los discípulos, y de consiguiente los libros son un instrumento necesario.⁸

No resto das materias aconséllase prescindir deles, sempre que o número de alumnos o permita. A viva voz do mestre, os encerados, cadros e cadernos de exercicios propician un ensino máis proveitoso que os libros, a utilización dos cales promove unha aprendizaxe memorística e baldeira de significado. Estas prescricións restrictivas estaban en harmonía cunha realidade escolar onde os textos tiñan unha escasa presenza⁹.

A “biblioteca do mestre” estaría integrada por tratados de pedagogía, libros de ensino primario e libros instructivos e curiosos¹⁰. Os de ensino primario, ademais de desenvolver os contidos de cada materia, debían expor a forma de ensinala¹¹.

⁸ *Ibidem*, páx. 78.

⁹ “En algunas escuelas solo hay un libro de propiedad del maestro que sirve para todos los alumnos; en otras, y esto se extiende a comarcas enteras, los niños no usan para aprender a leer más que la Bula de la Santa Cruzada; y consta por comunicaciones de las autoridades, que en muchas partes los padres prefieren retirar sus hijos de la escuela a comprar los libros que se les encargan.” (Antonio Gil de Zárate, *De la instrucción pública en España*, Madrid, Imprenta del Colegio de Sordo-Mudos, 1855, t. I, páxs. 347-48).

¹⁰ Mariano Carcerera, *op. cit.*, páx. 119

¹¹ *Ibidem*, páx. 79

A orientación moral das mestras tamén foi obxecto de obras específicas, como a redactada polo inspector Mariano Sánchez Ocaña: *La maestra. Guía de educación práctica para las profesoras de instrucción primaria y madres de familia* (1856). Como pode apreciarse, o autor diríxese indistintamente a mestras e nais, evidenciándose así o íntimo vencello existente entre as funcións dunhas e outras. De feito, o acceso das mulleres ao maxisterio xustifícase esencialmente, polo menos nun principio, como unha extensión do papel educativo que tiñan encomendado na súa condición nais. Agora ben, o estado ideal para exercer como mestra non era o de casada, nin o de solteira, nin sequera o relixioso, senón “un estado excepcional froito da desgracia”, o de viuva:

La Maestra viuda, naturalmente se halla dotada de mayor reflexión y experiencia que las solteras, tiene más tiempo y menos atenciones extrañas al magisterio que las casadas, y conoce las costumbres sociales mejor que las religiosas.¹²

Polo demais, examínanse as virtudes que deben reunir as mestras para desempeñar exemplarmente o seu oficio e o tipo de relacións que lles convén manter coas súas discípulas, familias e autoridades, ofrecéndose tamén diversas orientacións doutriniais.

Administrativas

Un segundo tipo de guías podemos cualificalas como administrativas. O seu propósito básico consistía en aleccionar sobre a forma de realizar os trámites que debían realizar os mestres como administradores dunha escola e fornecelles información verbo das disposicións lexislativas¹³.

Unha das primeiras foi a publicada por Laureano Figuerola, que será un dos fundadores da *Institución Libre de Enseñanza*. O seu título expresa con precisión os contidos abordados: *Guía legislativa e inspectiva de instrucción primaria, que contiene 1ª*

¹² Mariano Sánchez Ocaña, *La maestra. Guía de educación práctica para las profesoras de instrucción primaria y madres de familia*, Valladolid, Imprenta de D. Juan de la Cuesta, 1856, pág. 9.

¹³ Poderíamos diferenciar neste apartado dúas categorías: administrativas e lexislativas, pero ambas pretensións adoitaban estar presentes na maior parte das guías, polo que as presentamos de forma unitaria, aínda que se deixará constancia do enfoque dominante. Este tipo de guías tamén se elaboraban para os que cursaban ou pretendían cursar estudos nunha Escola Normal: Hermenegildo Montes y Fernández, *El consultor del alumno. Libro de suma utilidad para los que se dedican a la carrera del Magisterio de primera enseñanza, comprendiendo todas las disposiciones que se relacionan con estudios, títulos, concursos y oposiciones*, Madrid, Manuel Minuesa de los Rios, Impresor, 1889.

toda la legislación vigente distribuida por orden de materias y 2^o instrucciones para visitar las escuelas de todas clases. Estaba destinada ás autoridades do ramo, inspectores e mestres¹⁴. O corpo de inspectores de ensino primario organizárase nestas mesmas datas, concretamente en 1849¹⁵.

Justo Pico de Coaña, mestre de Viveiro, elaborou unha *Guía legislativa y directiva de escuelas rurales, o Manual para la organización y régimen de las escuelas rurales de primera enseñanza, dedicado a los Párrocos y Maestros de los pueblos rústicos* (1859). Neste caso existe un dobre destinatario, mestres e cregos¹⁶. Os segundos tiñan dereito a inspeccionar o traballo realizado polos primeiros en materia relixiosa, e nalgúns casos mesmo compartían a función docente coa eclesiástica, compatibilidade recoñecida pola Lei Moyano sen ningún tipo de restricións no que respecta ás escolas incompletas.

A obra contén unha breve descrición dos sistemas de ensino, un extracto da Lei Moyano, orientacións didácticas e un capítulo sobre os deberes dos mestres. En relación coa veciñanza e autoridades aconséllase que se conduzan con “circunspección sin soberbia, humildad sin que raye en humillación degradante, dulzura en la expresión (*sic*), compostura en su traje y en los modales y atento a prestar buenos servicios, que no rebajen el decoro del magisterio.”¹⁷

Outra guía de índole similar, aínda que máis elaborada e voluminosa, é a de Manuel Panero Fernandez, inspector de ensino primario que exerceu durante varios anos en Galicia: *El guía de los maestros o deberes y derechos de los mismos con formularios para practicar los primeros y hacer valederos los segundos, teniendo además un nomenclátor de todas las escuelas públicas de Galicia*, publicada en 1885. Este traballo ten un carácter preferentemente administrativo e unha orientación práctica, pois pretende informar ao maxisterio sobre a lexislación vixente e a forma de superar os

¹⁴ Laureano Figuerola, *Guía legislativa e inspectiva de instrucción primaria*, Madrid, Librería Europea de Hidalgo, 1844.

¹⁵ Paulí Dávila Balseira, *op. cit.*, páxs. 41-58.

¹⁶ Está dedicado aos párrocos e mestres, por esta orde, dos “pobos rústicos de Galicia”, a función dos cales era de suma importancia, pois consistía en “encaminar la generación naciente al Cielo los unos, y de educarla para la tierra los otros.” (*Guía legislativa y directiva de las escuelas rurales*, Mondoñedo, Imprenta y Enc. de los Sres. Perrote y Romero, 1859). Justo Pico de Coaña tamén é autor dunha “Memoria sobre la 1^o educación del pueblo agrícola gallego”, reproducida en Narciso de Gabriel, *Agricultura e escola. Contra a rutina e o éxodo rural*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, páxs. 119-25.

¹⁷ Justo Pico de Coaña, *op. cit.*, pág. 54.

trámites burocráticos cos que se tiña que enfrontar no decurso da súa vida profesional, ofrecendo os modelos correspondentes: solicitude de escolas, realización de inventarios, confección dos libros de matrícula, asistencia e contabilidade ou contestación a un prego de cargos formulado co gallo dun expediente gubernativo.

Sobre os libros de texto limitábase a reproducir as disposicións vixentes, subliñando a necesidade de aterse estrictamente aos aprobados polo goberno. Mais o que interesa salientar aquí é a súa censura das chamadas “cartas e procesos”, que se empregaban nalgúns escolas no canto dos textos: “las primeras llenas de faltas de ortografía, sin responder a ningún certero método, y los segundos sacados de antiguas escribanías, sin reparar si en ellos se trata de robos, asesinatos u otros procedimientos criminales que aleccionan en lo malo a los pequeñuelos.”¹⁸ Esta condena, baseada tanto en argumentos didácticos como morais, repetíraa insistentemente nas súas visitas ás escolas galegas¹⁹.

Victoriano F. Ascarza é un dos autores máis prolíficos neste ámbito. Entre as súas obras figuran o *Anuario del Maestro*, publicado desde 1898. Estaba dividido en catro partes: santoral e notas de utilidade, onde se reproducía o calendario mensual e diversas informacións; lexislación dictada durante o ano anterior, ordenada cronoloxicamente; relación de persoas que desempeñaban cargos de responsabilidade na administración escolar; e un índice de materias²⁰.

O *Anuario* complementábase co *Diccionario de legislación de primera enseñanza*, redactado polo mesmo autor, que condensaba o conxunto de disposicións reguladoras dun determinado tema. Outras obras da mesma natureza son as de Pedro Ferrer y Rivero²¹ e Francisco Alvarez Miranzo²².

¹⁸ Manuel Panero y Martínez, *El guía de los maestros o deberes y derechos de los mismos con formularios para practicar los primeros y hacer valederos los segundos, teniendo además un nomenclátor de todas las escuelas públicas de Galicia*, Madrid, Imprenta y Litografía de González, 1885, páxs. 135-36.

¹⁹ Narciso de Gabriel, *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*, A Coruña, Edición do Castro, 1990, *passim*.

²⁰ Victoriano F. Ascarza, *Anuario del Maestro. Año XXXVIII. 1935*, Madrid, El Magisterio Español, 1934. Véxase tamén José García Alía, *Memorandum del Maestro para 1915*, Burgos, Hijos de Santiago Rodríguez, 1914.

²¹ Pedro Ferrer y Rivero, *Tratado de la legislación de primera enseñanza vigente en España (legislación escolar española completa)*, Madrid, Librería de Hernando y Compañía, 1901 (9ª ed.).

²² Francisco Alvarez Miranzo, *Diccionario legislativo y estadístico de primera enseñanza*, Madrid, Imprenta de la Librería de Hernando y Compañía, 1895.

Ascarza tamén era autor do *Manual del Maestro*, que tiña un carácter basicamente administrativo, ao igual có de Manuel Panero, pois tentaba instruír acerca de como redactar diversos documentos burocráticos, axustándose aos formulismos usuais²³.

Metodolóxicas

Os textos considerados ata o momento, e outros semellantes, responden a tres obxectivos básicos: inculcar nos mestres e mestras determinadas normas de conducta, que debía ser exemplar desde calquera punto de vista; orientalos no enleado mundo da lexislación escolar, dado que a Lei de 1857 experimentara tantas modificacións “que xa non a coñece nin o seu mesmo Autor, o egrexio Sr. Moyano”, segundo escribía Manuel Panero en 1885; e fornecerlles modelos de formularios para enfrontarse cos trámites administrativos²⁴.

Nalgúns destes textos tamén se subministran directrices metodolóxicas, que foron obxecto de numerosos tratados específicos. A súa oportunidade xustificábase pola carencia de formación pedagóxica inicial -caso dos denominados mestres “incompletos”- e a necesidade de afianzar, ampliar e actualizar o saber dos que cursaran estudos profesionais.

Estas obras podían ter un carácter global ou referirse a unha determinada materia. Debido á densidade e diversidade desta literatura pedagóxica, limitarémonos a pór dous exemplos da área de matemáticas e outros tantos de lingua.

El guía de los instructores. Ejercicios y problemas de aritmética, de Prudencio Solís, consiste nun conxunto de exercicios e problemas coas súas correspondentes solucións. Contén, ademais, numerosas observacións metodolóxicas sobre o ensino desta materia en notas a pé de páxina. Estaba destinado aos mestres, pero tamén aos alumnos que colaboraban con eles nas actividades instructivas²⁵:

²³ Victoriano F. Ascarza, *Manual del Maestro*, Madrid, Magisterio Español, 1934.

²⁴ Este tipo de literatura pedagóxica seguirá a publicarse nos anos corenta: J. M^o López Gacho e Valentín González Blanco, *Prácticas escolares. Guía del maestro*, Burgos, Hijos de Santiago Rodríguez, 1946; Antonio J. Onieva y Juan Piedrahita, *Vida profesional y administrativa del maestro. Información, instrucciones, modelos y formularios, normas legislativas, etc.*, Madrid, Magisterio Español, s.d.

²⁵ Sobre os sistemas de ensino e as funcións dos monitores (inspectores, instructores e axudantes) existe unha abundante bibliografía. Véxase, a título de exemplo, Narciso de Gabriel, “Escolarización y sistemas de enseñanza”, *Historia de la Educación*, nº 6, 1987, páxs. 209-27.

Los maestros, y particularmente los instructores y ayudantes, a los cuales hay que confiar frecuentemente la dirección de las tareas de las respectivas secciones, encontrarán en este librito, una serie de ejercicios graduados de cálculo, que no sólo les ahorrarán la molestia de inventar de continuo las cuestiones en que deben ocuparse los discípulos, sino que evitarán dudas y vacilaciones que hacen perder un tiempo precioso, y los extravíos en que pueden incurrir con tanta facilidad los instructores, proponiendo por sí mismos prácticas de ejercicios o de problemas que no estén en armonía con la capacidad y conocimientos de los niños de la sección, o con las necesidades de la enseñanza.²⁶

Serapio Pujadas Vila é autor dunha obra singular, pois neste caso os problemas redáctanse en verso, para suscitar así o interese dos escolares. A maior parte dos problemas son do autor, pero tamén reproduce textos alleos, citando o nome do seu compositor²⁷.

Para exercitar a suma formulábase, entre outros, o seguinte interrogante:

¿Cuántos libros regalaron
A cierto bibliotecario,
Autor de un devocionario,
Según me manifestaron:
Que primero le otorgaron
Ochenta cronologías,
Veintidós patologías,
Novecientas seis novelas
Publicadas en Bruselas
Y catorce ortologías?
-Respuesta: 1016

As ecuacións de primeiro grao cunha incógnita tamén eran susceptibles de formulárense en verso:

Aunque eres tan pequeña,
Pronostícame hija mía,
¿Cuántos besos en tu cara

²⁶ Prudencio Solís y Miguel, *El guía de los instructores. Ejercicios y problemas de aritmética*, Valencia, Librería de Ramón Ortega, Editor, s.d.

²⁷ Serapio Pujadas Vila, *Colección completa de problemas prácticos, todos resueltos, de aritmética y álgebra enunciados en verso castellano para la mejor retención en la memoria de los jóvenes alumnos de ambos sexos que concurren a las escuelas, colegios e institutos. Con un tratado de monosílabos homónimos*, Barcelona, Imprenta y Librería Religiosa y Científica, 1880 (2ª ed.).

Mi ternura imprimiría?

Si a los que darte deseo,
Junto quince con más tres,
Hallarás por suma treinta.
Dime, el número ¿cuál es?
-Respuesta 12 besitos

Polo que respecta ao ensino do idioma, Salvador Genís redacta *El auxiliar del maestro catalán*²⁸, co que pretende ilustrar ao profesorado sobre a forma de ensinar o castelán servíndose do catalán. Nun momento en que estaban proscrios das escolas os idiomas non oficiais, téntase xustificar con argumentos pedagóxicos a súa presenza, aínda que sexa con carácter meramente analóxico.

Angel Llorca, pola súa banda, publica *El primer año de lenguaje. Libro del maestro*²⁹, onde se propoñen diversos exercicios de lectura, escritura, composición oral, dictado-composición, recitación, canto, etcétera. O autor adxudica a esta materia unha posición central no *currículum*: "Cada materia tiene su contenido; pero todas se valen del Lenguaje y el Lenguaje ha de ser en todas lo primero."³⁰

2. Libros do mestre

Examinaremos agora os libros do mestre subordinados a un determinado texto do alumno, que se concentraron en dous campos: matemáticas e lingua. As editoriais que producían ambos textos adoitaban reflectir nas portadas o destinatario específico de cada un deles: "libro do alumno" ou "libro do mestre".

Matemáticas

Soluciones analíticas. Libro del Maestro, de José Dalmáu Carles, foi un dos solucionarios que acadou máis difusión. Aprobouse como texto escolar en 1899 e seguía a publicarse na segunda metade do século actual³¹. Consistía no enunciado, solución ou

²⁸ Salvador Genís, *El auxiliar del maestro catalán*, Barcelona, Imprenta y Litografía de José Cunill y Sala, 1898 (7ª ed.).

²⁹ Angel Llorca, *El primer año de lenguaje. Libro del maestro*, Madrid, Librería y Casa Editorial Hernando, 1933 (2ª ed.).

³⁰ Angel Llorca, *Los cuatro primeros años de la escuela primaria*, Madrid, Librería y Casa Editorial Hernando, 1929, páx. 14.

³¹ José Dalmáu Carles, *Soluciones analíticas. Libro del Maestro*, Gerona, Dalmáu Carles, Pla, 1942. José Osés Larumbe sostiña, nunha reseña que o autor reproduce a modo de limiar,

planteamento e resposta de máis de cinco mil exercicios e problemas contidos en cinco obras sobre aritmética e álgebra do mesmo autor. Especificábase a resposta aínda no caso de estar incluída na solución:

Luis tiene 7 bolas, Juanito tiene 12 y Evaristo tiene 9. ¿Cuántas bolas tienen los tres juntos?

Sol. 7 bolas+12 bolas+9 bolas=28 bolas.

Res. Tienen 28 bolas.

Cando a circunstancia o aconsellaba, explicábase polo miúdo o planteamento:

Dos cazadores, en dos días, han cobrado las piezas de caza siguientes: el primer día, 6 conejos, 4 liebres, y 8 perdices; el segundo día, 12 perdices, 2 liebres y 3 conejos. ¿Cuántas piezas han cobrado, y cuántas de cada clase?

Sol. Las piezas de caza cobradas el primer día, más las cobradas el segundo día, igual al número de piezas cazadas.

6 conejos+4 liebres+8 perdices+12 perdices+2 liebres+3 conejos=35 piezas.

El primer día, 6 conejos;+3 conejos del segundo día,=9 conejos.

El primer día, 4 liebres;+2 liebres del segundo día,=6 liebres.

El primer día, 8 perdices;+12 prdices del segundo día,=20 perdices.

Resp. Cobraron, en junto, 35 piezas de caza, esto es: 9 conejos, 6 liebres y 20 perdices.

Un dos textos vencellados ás *Soluciones* eran as *Lecciones de aritmética. Libro del alumno. 1º parte*, aprobado en 1894, e que acada a súa 127ª edición en 1933³². Os problemas da parte práctica consignaban a resposta, pero non o planteamento.

Outros solucionarios, de natureza similar, son os seguintes:

a) Tomás Sanz Coscollano, *El auxiliar del maestro. Libro de soluciones*, 1908.

b) G. M. Bruño, *Soluciones y respuestas de los ejercicios y problemas contenidos en los Elementos de Aritmética. Libro del maestro*, 1909.

c) José Paluzié, *Resoluciones de los problemas de aritmética contenidos en la colección de 10 cuadernos*, 1910.

que o libro “es un algo notabilísimo que deja perplejo al espíritu crítico superficial, un algo que obliga a pensar en la gran revolución pedagógica que producen autores de la talla de D. Simón Aguilar, D. Pedro Alcántara, D. Rufino Blanco, D. José Dalmáu y otros más, bien escasos en número por desgracia para nuestro engrandecimiento profesional.”

³² José Dalmáu Carles, *Lecciones de aritmética. Libro del alumno. 1ª parte*, Gerona, Dalmáu Carles, Pla, 1933 (127ª ed.).

d) F. T. D., *Aritmética teórico-práctica. Libro del maestro*, 1913 (4ª ed.).

Alguns non reproducían o enunciado dos exercicios e problemas -a) e c)-, todos consignaban, obviamente, a resposta, e tamén o planteamento, polo menos no que respecta aos problemas.

Estes textos respondían a un obxectivo fundamentalmente práctico, pois permitían que os mestres aforrasen tempo e economizasen esforzos, o que resultaba especialmente oportuno cando un y outros tiñan que distribuírense entre un número considerable de alumnos e niveis instrutivos, como acontecía nas escolas unitarias, amplamente maioritarias. Tamén lles proporcionarían seguridade nun dominio onde as respostas debían ser precisas e os erros podían pór en dúbida a autoridade do profesor. Tampouco se pode desbotar que para algúns mestres, debido ao seu baixo nivel formativo, funcionasen como instrumentos de aprendizaxe.

Lingua

Outra área na que os libros do mestre acadarán un certo protagonismo é a de lingua, onde desempeñou un importante papel Rufino Blanco, que contribuiu ademais a difundir as vantaxes destes materiais didácticos.

Na segunda edición do seu *Tratado elemental de Pedagogía* (1901) refírese unicamente aos “libros de texto”, pero cando menos desde a cuarta (1906) inclúe un apartado sobre “libro do discípulo e libro do mestre”, que pasamos a sintetizar³³.

Rufino Blanco comeza subliñando a utilidade desta modalidade de libros -“tan coñecida noutros países e tan pouco coñecida en España”-, por dúas razóns fundamentais:

El *libro del maestro* contiene hecho todo el trabajo que se pide al discípulo en su libro. Esto ahorra mucho tiempo en la corrección de los ejercicios.

El *libro del maestro*, además, lleva, para los casos particulares en que son necesarias, multitud de observaciones pedagógicas, que no pueden tener cabida ni aun en los más extensos tratados de Pedagogía.

³³ Rufino Blanco y Sánchez, *Bibliografía pedagógica de obras escritas en castellano o traducidas a este idioma*, Madrid, Tipografía de la Revista de Arch., Bibl. y Museos, 1907, t. I, pág. 359. Nesta obra, da que proceden as citas que se insiren no noso texto, reproduce o autor un amplo extracto da cuarta edición do seu *Tratado elemental de Pedagogía*. Unha redacción similar pode verse en *Tratado elemental de Pedagogía*, Madrid, Tip. de la Rev. de Arch., Bibl. y Museos, 1914 (6ª ed.), páxs. 287-290, e en *Teoría de la enseñanza*, Madrid, Imp. de la Revista de Archivos, 1912, t. II, páxs. 184-85.

Así pois, estaban destinados a funcionar como solucionarios e guías didácticas. Como solucionarios resultaban útiles para tódolos mestres, debido a que permitían economizar tempo e esforzo. Como guías didácticas orientaban sobre a forma de ensinar unha determinada materia, fornecendo diversas estratexias metodolóxicas, polo que eran especialmente proveitosos para quen se estaban iniciando na profesión docente. Atendendo a estas razóns, afirma Rufino Blanco que se podería prescindir dos libros do discípulo, pero nunca dos do mestre. Había de procurarse, iso si, que non puidesen ser consultados polos alumnos, para evitar que o seu traballo se limitase á simple copia das respostas.

O libro do mestre ten, xa que logo, o mesmo contido có do alumno, co engadido das solucións e observacións metodolóxicas oportunas. Para que a correspondencia entre un e outro sexa maior, ambos deben ter a mesma paxinación -práctica "non usada ata agora na nosa patria nin fóra dela"³⁴-, de modo que o profesor non necesite ter á vista o libro do discípulo ao impartir as leccións.

Estas ideas repetiránse case na súa literalidade noutros manuais de pedagogía, en ocasións sen citar a procedencia, como fai Godofredo Escribano Hernández³⁵, e outras citando a fonte, como é o caso de Antonio Gil Muñiz e Vicente Pertusa y Pérez³⁶.

Mais Rufino Blanco non se limita a teorizar, senón que elabora unhas *Nociones de la Lengua castellana* nas que pon en práctica as súas ideas, radactando tanto o libro do mestre como o do alumno³⁷. Ambos conteñen as definicións dos conceptos sobre os que versa a lección, preguntas verbo deses contidos e diversos exercicios. A diferenza radicaba en que o do mestre ofrecía a solución dos exercicios. Na lección número tres -sílabas, ditongos e tritongos- propúñanse os seguintes:

Libro do alumno

EJERCICIOS.- I. Cuéntense las sílabas que hay en cada una de las palabras que forman las frases siguientes:

³⁴ Esta observación aparece, en nota a pie de página, en *Teoría de la enseñanza*, citado, páx. 185.

³⁵ Godofredo Escribano Hernández, *Elementos de Pedagogía. Segunda parte. Didáctica Pedagógica*, Madrid, Imprenta de la Enseñanza, 1911 (3ª ed.), páxs. 99-100.

³⁶ Antonio Gil Muñiz y Vicente Pertusa Periz, *Pedagogía moderna. Tratado de la Enseñanza*, Málaga-Córdoba, Tip. y Lit. de R. Alcalá, 1928 (6ª ed.), páx. 73.

³⁷ Rufino Blanco, *Nociones de lengua castellana. Libro del alumno*, Madrid, Imprenta del Asilo de Huérfanos del S. C. de Jesús, 1902 (5ª ed.), e *ibidem. Libro del maestro*.

Renueva a menudo el aire de tu alcoba. El yeso se utiliza como abono. El historiador Mariana nació en Talavera de la Reina.

Libro do mestre

EJERCICIOS.- I. Cuéntense las sílabas que hay en cada una de las palabras que forman las frases siguientes:

Re-nue-va (3) a (1) me-nu-do (3) el (1) ai-re (2) de (1) tu (1) al-co-ba (3). El (1) ye-so (2) se (1) u-ti-li-za (4) co-mo (2) a-bo-no (3). El (1) his-to-ria-dor (4) Ma-ria-na (3) na-ció (2) en (1) Ta-la-ve-ra (4) de (1) la (1) Rei-na (2).

Ademais, o libro do mestre propuña algúns exercicios complementarios -un dictado na lección tres- ou enunciaba breves suxestións sobre a forma de ensinar. Na lección dúas, por exemplo, faise a seguinte observación: "Cúidese de que el niño emita clara y correctamente las articulaciones o letras consonantes de nuestro idioma." Aínda que o autor recomendaba que coincidise a paxinación dun e outro libro, na edición que podemos consultar é diferente, sinalándose no do mestre a páxina correspondente ao do alumno.

Como pode comprobarse, os libros do mestre tiñan máis de solucionarios que de guías didácticas, polo menos nesta primeira andaina. Como solucionarios resolvían todas as preguntas formuladas no libro do alumno, mesmo as que eran susceptibles de diversas respostas, como é o caso dos exemplos. O feito de resolveren os problemas máis elementais pon de manifesto a precaria profesionalización do oficio de mestre e a reducida marxe de autonomía que se lle concedía.

Esta falta de autonomía era afirmada explicitamente por algúns responsables políticos. Así o facía Eduardo Vincenti, director xeral de Instrucción pública, nun discurso pronunciado na Asambea Pedagóxica de Pontevedra (1894):

Si en los estudios de facultad, si en los altos centros de investigación científica puede ser admitida la discusión sobre la idea de Dios, la idea de la propiedad y la idea de la justicia, principios sobre los que descansa la constitución social; al maestro de escuela no le es dado discutir, sino aceptar, exponer e inculcar en sus tiernos alumnos la idea de Dios, de la propiedad y de la justicia, como fundamentos primordiales de una buena y sólida educación.³⁸

Os libros do alumno constituían, desde esta perspectiva, a canle axeitada para que nenos e nenas coñecesen e recoñecesen os contidos culturais seleccionados para o

³⁸ Citado en *Leer, escribir y contar, op. cit.*, páx. 409.

ensino primario. Os libros do mestre debían facilitar o manexo dos textos escolares por parte do profesorado.

Non sabemos a difusión que acadaron durante este período histórico os libros do mestre que calificamos como subordinados. A produción editorial semella máis ben escasa, agás no caso dos solucionarios de aritmética. Haberá que agardar á segunda metade do século XX para que se multiplique e diversifique a oferta, e se intensifique a súa presenza nas escolas.